

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027964	IES de Orosó	Orosó	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión, a inclusión na diversidade e a responsabilidade. e que se pode configurarán neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Tal e como se establece no currículum desta materia o proxecto competencial terá como finalidade a elaboración de materiais que, no noso caso, se farán chegar como propostas de mellora ao Plan de Convivencia do Centro que neste curso se pretende actualizar.

Tamén tivemos en conta o centro no que se vai implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e da súa contorna. O IES de Oroso é un centro público que está situado na localidade de Sigüeiro dentro do concello de Oroso. É o único centro de secundaria que hai no concello e se imparten ensinanzas de 1º a 4º da ESO. O alumnado procede das 11 parroquias rurais do concello, así coma do propio casco urbano.

O rural está moi relacionado co sector agrogandeiro mentres que o casco urbano conta tamén cunha variada oferta de comercio local e de profesión liberais que exercen a súa actividade nas ciudades de Santiago e da Coruña. Tamén é de salientar o número de migrantes procedentes de Brasil, Colombia, Marrocos, Rumanía, etc e doutras comunidades do Estado e así como a presenza de persoas de étnia xitana.

En segundo hai dous grupos: 2ºA que conta con 13 alumnos e alumnas e 2º B con 13 con idades comprendidas ao inicio do curso, entre os 12 e os 15 anos.

Nos dous grupos hai alumnado de distintos países de orixe e nel dase unha ampla variedade de situacións educativas: alumnado que non promocionou, persoas con ACNEAE (ACIs, reforzos educativos ou exención de francés), persoas cun moi bo rendemento académico, persoas con problemáticas sociofamiliares e persoas que proveñen de distintos países (Rumanía, Marrocos) ou doutras comunidades (Canarias) así como alumnado xitano cun grado de integración sociocultural diverso. Son grupos heteroxéneros, mais nos que predomina un alto grao de participación e curiosidade por aprender.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vivimos nunha sociedade inclusiva? Desmontando estereotipos.	Nesta unidade traballaremos a importancia de recoñecer e desmontar estereotipos, centrándonos sobre todo nos roles de xénero e visibilizando o seu condicionamento en todas as esferas sociais: espazos públicos e privados, casa, centro escolar, etc. Tamén a discriminación do diferente fronte á riqueza da diversidade (identidade e orientación sexual non normativas, etnias ou procedencias diversas, neurodiversidade).	30	10	X		
2	Actuamos para construir igualdade e respectar a vida e os dereitos dos demais	Nesta unidade o alumnado pescuda información sobre a situación social e as actividades laborais, artísticas, deportivas, etc.. que desenvolven as mulleres na súa contorna, establecendo comparativas coa súa situación noutros concellos, comunidades e países. En función dos intereses do alumnado podería ampliarse esta liña a outros colectivos discriminados: LGBTQI+, diversidade funcional, capacidades diversas, etnia ou cultura, etc. e pescudar sobre novos proxectos de masculinidade igualitaria.	35	10		X	
3	Fagamos da diversidade un bo plan! Cada persoa conta.	Unidade na que se elabora, expón e presenta unha campaña publicitaria arredor do proxecto: Cada persoa conta: Fagamos da diversidade un bo plan! Amosando que a diversidade é unha riqueza. Elaboraránse suxestións para o novo Plan de Convivencia do centro.	35	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vivimos nunha sociedade inclusiva? Desmontando estereotipos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Visibilizar os estereotipos de xénero nas emocións, linguaxe, e o uso da violencia como instrumento de dominación. Visibilizar a discriminación das persoas pola súa orientación ou identidade sexual, etnia, etc. Visibilizar a presencia de novos proxectos de masculinidade igualitaria.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización da campaña publicitaria.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propor possibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. 	

UD	Título da UD	Duración
2	Actuamos para construir igualdade e respectar a vida e os dereitos dos demais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias nos niveis de calidade requeridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Fagamos da diversidade un bo plan! Cada persoa conta.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concreciones metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: Fagamos da diversidade un bo plan! Cada persoa conta. Contribucións ao novo Plan de Convivencia do centro.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos más transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto assumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un estudo da presencia dos estereotipos de xénero na vida, na sociedade e nos distintos ámbitos do coñecemento.

Traballaremos para visibilizar as aportacións científico-tecnolóxicas, sociais, artísticas, culturais, intelectuais, éticas e políticas feitas desde un espírito innovador e comprometido de mulleres de todas as partes do mundo. Exploraremos tamén os principais problemas e obstáculos que as mulleres atopan no seu día a día (discriminación económica, brecha salarial, linguaxe sexista, exclusión histórica do acceso á educación e condicións para unha vida digna, as diferentes formas de violencia contra as mulleres, a violencia machista e o feminicidio, a explotación sexual das mulleres, a pervivencia dos estereotipos sexistas na sociedade, países nos que as mulleres ainda non teñen

recoñecido o dereito ao voto, ou se lles nega o dereito de expresar, sentir e amar libremente, o difícil acceso a profesións de prestixio, teitos de cristal, etc).

Trátase de recoñecer o labor de todas as que foron secularmente esquecidas e reparar no proxecto igualitario feminista, e nas grandes achegas que propón, en todos os eidos da vida persoal e social para lograr un mundo igualitario.

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información.

O alumnado do grupo-clase poderá centrar o seu proxecto noutros colectivos obxecto de discriminación: LGBTQI+, diversidade funcional, capacidades diversas, etnia ou cultura, etc... e pescudar sobre novos proxectos de masculinidade igualitaria.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais:

- O Centro CIM do Concello de Ordes
- Centro Quérote + de Santiago

- Elaborarán enquisas na súa contorna próxima sobre o grao de recoñecemento das desigualdades de xénero, os usos estereotipados dos espazos públicos e/ ou privados, etc

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán o seu impacto, establecendo comparativas entre opinións, usos e costumes predominantes no fogar, no instituto, no concello, etc

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos a campaña publicitaria:

Fagamos da diversidade un bo plan! Cada persoa conta. Contribuíons ao novo Plan de Convivencia do centro.

Terán liberdade no formato de presentación e nos medios, dándolle a máxima difusión no centro educativo a través da radio do centro e, se é posible, con exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais....

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos.)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos.)
- Bioloxía e Xeoloxía (mulleres científicas, a saúde das mulleres, das persoas neurodiversas, LGBTQI+...)
- Xeografía e Historia (O protagonismo histórico das mulleres, colectivos históricamente marxinados)
- Matemáticas (estatísticas da situación social das mulleres por fogares, concellos, comunidades.)
- Física e Química (Mulleres científicas)
- Economía (o papel das mulleres na economía real e as desigualdades salariais)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Educación Musical (Músicas e compositoras musicais)
- Filosofía (Achegas do feminismo a nivel ético e político, unha nova concepción da xustiza e dos coidados, un novo proxecto de masculinidade, etc)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Biblioteca do centro
Aula de informática
Salón de actos
Caderno e fichas
Cartulinas, rotuladores, pinturas

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun ordenador e proxector e unha pizarra tradicional e outra interactiva, disponendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Tamén acudiremos á Sala da

Biblioteca do centro para consultas diferentes libros e recursos, ademais da aula de informática cando sexa posible. No centro de momento non dispoñemos de material de polos creativos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha actividade inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é que o alumnado poida autopresentarse e compartir co grupo cales son as súas afeicións durante a semana, o fin de semana e actividades lúdicas coas que disfruta, as tarefas que realiza na casa, as materias académicas favoritas e as materias nas que ten máis dificultades, comentar os seus gustos literarios, deportivos, películas etc... co fin de facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tanto como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

A realización desta actividade inicial permite que o alumnado interactúe entre si, que se exprese libremente e que se poida ir preparando un espazo de confianza e tranquilidade para poder levar a cabo todas as interaccións grupais necesarias para sacar adiante o proxecto. E aportará bastante información sobre os intereses, motivacións e potencial grao de cohesión que pode haber nos grupos de traballo e permite practicar unha escucha activa do que cada persoa pode aportar.

Na xunta de Avaliación inicial recabaremos información máis académica dos distintos Departamentos e das dificultades de aprendizaxe, ou capacidades por riba da media do grupo, detectadas polo conxunto do profesorado, titora/titor e Departamento de Orientación, aportacións que se terán en conta nas concréciones metodolóxicas individuais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno de clase coa recompilación da información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información solicitada.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaránse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaránse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non cooperede adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliação, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliação ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliações parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Digital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades do centro	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X
Entrevista ou programa de radio nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.		X	X
Exposición en locais socioculturais	Difusión informativa do proxecto.			X
Contactar con diferentes axentes sociais da localidade	Coñecer o que se está a facer no concello e na comarca no ámbito da Igualdade de xénero.		X	

Observacións:

Trátase de lograr unha conexión entre o proxecto traballado na aula e a contorna próxima do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliação.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.

Medidas de atención á diversidade

Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.

Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descripción:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados